



METEOGALICIA

INFORME CLIMATOLÓGICO

INVERNO 2024-2025



ÍNDICE

1	INTRODUCCIÓN.....	2
2	BALANCE DA TEMPERATURA E PRECIPITACIÓN NO INVERNO 2024-2025 EN GALICIA.....	4
2.1.	Temperatura.....	4
2.2.	Precipitación.....	10
3	EVOLUCIÓN HISTÓRICA DA TEMPERATURA E A PRECIPITACIÓN DE INVERNO..	14
3.1.	Temperatura.....	14
3.2.	Precipitación.....	17

Data edición: 19/03/2023

**Inverno 2024-2025: moi cálido e lixeiramente húmido****1 INTRODUCCIÓN**

Este informe recolle unha descrición climatolóxica do inverno 2024-2025 (decembro, xaneiro e febreiro). Para ilo, analízanse os datos de temperatura e precipitación e a súa evolución no tempo, considerando o período climático de referencia **1981-2010**. Así, as anomalías calculadas nas táboas, mapas, gráficos e percentiles calcúlanse con respecto a este período de referencia.

O valor medio das series climatolóxicas dos trinta anos do período 1961-1990 e do período 1981-2010 denomínase **normal climatolóxica** e o seu uso permite establecer comparacións do tipo espacial entre distintas estacións e describir o estado climático de cada período. A utilización destes valores normais climatolóxicos serve, tamén, de referencia para valorar os comportamentos do clima e caracterizalos, ben en termos de frecuencia o en termos de anomalía, entendendo por anomalía a diferenza entre o valor climatolóxico mensual o anual presentado e o normal.

Temperatura

Para a variable temperatura (T), enténdese por anomalía a diferenza entre a temperatura media deste inverno e o valor climático obtido con respecto ao período de referencia 1981-2010. Para obter a anomalía de temperatura, calcúlanse a anomalía media nas once estacións meteorolóxicas que compoñen a serie rexional de Galicia.

Para caracterizar a estación en función da temperatura, considéranse os seguintes criterios:

Percentil	Categoría
$T < T_{min} 1981-2010$	Extremadamente frío
$T_{min} 1981-2010 \leq T < P_{20}$	Moi frío
$P_{20} \leq T < P_{40}$	Frío
$P_{40} \leq T \leq P_{60}$	Normal
$P_{60} < T \leq P_{80}$	Cálido
$P_{80} < T \leq T_{max} 1981-2010$	Moi cálido
$T > T_{max} 1981-2010$	Extremadamente cálido

Táboa 0.1. Cualificación da estación en función da temperatura



Precipitación

Para a variable precipitación (PP), enténdese por anomalía a porcentaxe da precipitación acumulada neste inverno respecto do valor da media climática correspondente. Para obter a anomalía de precipitación, calcúlanse as anomalías medias nas dezaseis estacións meteorolóxicas que compoñen a serie rexional de Galicia.

Para caracterizar a estación en función da precipitación, considéranse os seguintes criterios:

Percentil	Categoría
$PP < PP_{min} 1981-2010$	Extremadamente seco
$PP_{min} 1981-2010 \leq PP < P_{20}$	Moi seco
$P_{20} \leq PP < P_{40}$	Seco
$P_{40} \leq PP \leq P_{60}$	Normal
$P_{60} < PP \leq P_{80}$	Húmido
$P_{80} < PP \leq P_{max} 1981-2010$	Moi húmido
$PP > PP_{max} 1981-2010$	Extremadamente húmido

Táboa 0.2. Cualificación da estación en función da precipitación



2 BALANCE DA TEMPERATURA E PRECIPITACIÓN NO INVERNO 2024-2025 EN GALICIA

2.1. Temperatura

O **inverno** de 2024-2025 foi **moi cálido**, cunha anomalía positiva na temperatura media de 1.3 °C. Isto debeuse principalmente as elevadas temperaturas rexistradas nos primeiros dous meses do ano 2025, especialmente as mínimas.

O inverno comezou cun mes de **decembro** no que o valor medio da temperatura quedou algo por riba do valor climático. En xeral, as condicións anticiclónicas que predominaron deixaron temperaturas baixas pola mañá, pero algo máis altas durante a tarde e isto, unido aos días de vento sur con temperaturas elevadas, provocaban esta anomalía positiva. O valor medio da temperatura media en decembro de 2024 foi 9.5°C e o valor da anomalía da temperatura media foi +0.8 °C. Isto fai que o mes poida considerarse no conxunto de Galicia como **cálido**. Para as temperaturas mínima e máxima, cunhas anomalías positivas de 0.9 e 0.6°C, respectivamente, o mes considérase, tamén, cálido. O precedente máis cálido foi o ano 2022.

No mes de **xaneiro**, os valores medios estiveron moi por riba do que cabería agardar, tanto nos valores mínimos como nos máximos. Isto foi así porque, unicamente, tivemos un período anticiclónico longo, entre o 12 e o 19, con frío durante as horas nocturnas, pero, o resto do tempo, predominaron as situacións de vento sur, que propiciaban a chegada de aire anormalmente cálido para a época do ano. O valor medio da temperatura media foi 9.8°C. A anomalía media da temperatura para este mes de xaneiro foi, polo tanto, 1.8°C superior ao valor normal climatolóxico, o que fai que o mes poida considerarse no conxunto de Galicia como **extremadamente cálido, o terceiro xaneiro máis cálido desde que existen rexistros**, co precedente máis cálido no ano 2024. Se tomamos como referencia a media da temperatura mínima, cunha anomalía positiva de 2.3°C, o mes resulta, tamén, extremadamente cálido, mentres que para a media da temperatura máxima, cunha desviación positiva de 1.3°C, xaneiro considérase moi cálido.

O inverno rematou cun mes de **febreiro** no que as temperaturas, tanto as mínimas como as máximas, acadaron valores máis elevados cos das medias climáticas. Este efecto foi algo máis acusado no caso dos valores mínimos, xa que, aínda que houbo xornadas concretas anticiclónicas con valores baixos, predominaron máis os días con nubes e ventos do sur e polo tanto con madrugadas moi suaves para esta época do ano. O valor medio de temperatura media foi de 10.2°C. A anomalía media da temperatura foi 1.5°C



superior ao valor normal climatolóxico, o que fai que o mes poida considerarse no conxunto de Galicia como **moi cálido**. Se tomamos como referencia a media da temperatura mínima, cunha anomalía positiva de 2.0°C, o mes resulta moi cálido, mentres que para a media da temperatura máxima, cunha desviación positiva de 0.9°C, o mes considérase cálido. O precedente máis cálido atopámolo no ano 2024.



Nas **Táboas 1 e 2**, móstranse as temperaturas máximas máis altas rexistradas na Comunidade galega na estación de inverno 2024-2025 para estacións situadas por baixo e por riba dos 1000 metros de altitude, respectivamente. As máximas máis altas por baixo dos 1000 metros de altitude déronse, de xeito máis xeneralizado, a mediados do mes de decembro, mentres que para estacións localizadas por riba dos 1000 metros marcáronse, principalmente, a finais dese mesmo mes.

Táboa 1: Temperaturas máximas máis altas rexistradas no inverno 2024-2025 por debaixo dos 1000 m de altitude				
Data	Estación	Concello	Provincia	TA (°C)
19/02/2025	EVEGA Leiro	LEIRO	Ourense	22.8
17/12/2024	Pedro Murias	RIBADEO	Lugo	22.7
17/12/2024	Pontevedra-Campolongo	PONTEVEDRA	Pontevedra	21.6
17/12/2024	Porto de Marín	MARÍN	Pontevedra	21.5
28/02/2025	Ourense-Estacións	OURENSE	Ourense	21.4
17/12/2024	Cariño	CARIÑO	A Coruña	21.2
25/12/2024	Castrove	POIO	Pontevedra	20.9
17/12/2024	A Granxa	PONTEAREAS	Pontevedra	20.9
17/12/2024	Borreiros	VIVEIRO	Lugo	20.8
17/12/2024	Lourenzá	LOURENZÁ	Lugo	20.7

Táboa 2: Temperaturas máximas máis altas rexistradas no inverno 2024-2025 por riba dos 1000 m de altitude				
Data	Estación	Concello	Provincia	TA (°C)
26/12/2024	Corzos	VEIGA (A)	Ourense	16.1
26/12/2024	Ancares	CERVANTES	Lugo	15.8
25/12/2024	Xurés	MUIÑOS	Ourense	15.6
26/12/2024	Lardeira	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	15.3
20/02/2025	San Xoán de Río	SAN XOÁN DE RÍO	Ourense	15.2
25/12/2024	O Xistral	MURAS	Lugo	15.1
01/12/2024	A Mezquita	MEZQUITA (A)	Ourense	15.0
16/01/2025	O Invernadeiro	VILARIÑO DE CONSO	Ourense	15.0
27/12/2024	O Cebreiro	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	14.8
26/12/2024	Casaio	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	14.8



Nas **Táboas 3 e 4**, móstranse as temperaturas mínimas máis baixas rexistradas na Comunidade galega na estación de inverno 2024-2025 para estacións situadas por riba e por baixo dos 1000 metros de altitude, respectivamente. Neste caso, para estacións de montaña, destacan as temperaturas mínimas acadadas a finais do mes de decembro e principios do mes de febreiro, mentres que para estacións localizadas por baixo dos 1000 metros de altitude, destacan as temperaturas mínimas rexistradas a mediados do mes de xaneiro.

Táboa 3: Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no inverno 2024-2025 por riba dos 1000 m de altitude

Data	Estación	Concello	Provincia	TA (°C)
01/01/2025	A Mezquita	MEZQUITA (A)	Ourense	-8.0
08/02/2025	Cabeza de Manzaneda	MANZANEDA	Ourense	-8.0
07/02/2025	Xares	VEIGA (A)	Ourense	-6.5
31/12/2024	O Invernadeiro	VILARIÑO DE CONSO	Ourense	-6.2
31/01/2025	Lardeira	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	-6.0
08/02/2025	Corzos	VEIGA (A)	Ourense	-5.8
08/02/2025	O Cebreiro	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	-5.4
31/12/2024	San Xoán de Río	SAN XOÁN DE RÍO	Ourense	-4.5
08/02/2025	Alto do Poio	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	-4.1
08/02/2025	Ancares	CERVANTES	Lugo	-4.0

Táboa 4: Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no inverno 2024-2025 por baixo dos 1000 m de altitude

Data	Estación	Concello	Provincia	TA (°C)
15/01/2025	Calvos	CALVOS DE RANDÍN	Ourense	-9.3
31/12/2024	Baltar	BALTAR	Ourense	-8.0
15/01/2025	Verín-Vilela	VERÍN	Ourense	-7.6
15/01/2025	Xinzo	XINZO DE LIMIA	Ourense	-7.6
15/01/2025	Bóveda	BÓVEDA	Lugo	-5.8
15/01/2025	Morelle	SARRIA	Lugo	-5.8
15/01/2025	Verín-Vilamaior	VERÍN	Ourense	-5.7
08/02/2025	Viana do Bolo	VIANA DO BOLO	Ourense	-5.5
18/01/2025	Castro De Rei	CASTRO DE REI	Lugo	-5.4
01/01/2025	Cospeito	COSPEITO	Lugo	-5.3

Na **Figura 1**, móstrase o mapa de temperatura media para o inverno 2024-2025. Segundo a información que se pode extraer, a temperatura media no conxunto da Comunidade foi 8.6 °C. Os valores máis altos, comprendidos entre 11.1 e 12.5 °C, rexistráronse ao longo da liña de costa, pero especialmente no litoral das Rías Baixas e nos arredores do Golfo Ártabro. Os valores máis baixos, de entre 4.1 e 5.6 °C, acadáronse nas Serras do Eixe, de Queixa e do Courel.




Figura 1: Temperatura media (°C) no inverno 2024-2025

Na **Figura 2**, pódese ver, para este inverno, o mapa das desviacións da temperatura media respecto do valor de referencia no período 1981-2010. En xeral, tratouse dun inverno cunha anomalía media, segundo os valores do mapa, de +1.6 °C. En todo o territorio a temperatura estivo por riba dos valores normais, destacando zonas illadas nas provincias da Coruña e Lugo, onde se acadaron os valores máis altos de anomalía, comprendidos entre 2.1 e 2.5 °C. Pola contra, os máis baixos déronse en zonas do sur da provincia de Lugo e do norte da provincia de Ourense, cunha desviación positiva entre 0.5 e 0.9 °C.




Figura 2: Mapa de anomalía da temperatura media (°C) no inverno 2024-2025



2.2. Precipitación

No referente á precipitación, pódese cualificar este **inverno** como **(lixeramente) húmido**, cunha porcentaxe de precipitación dun 17 % superior ao período de referencia 1981-2010. O déficit de precipitación no mes de decembro foi máis que compensado polo exceso de precipitación no mes de xaneiro e, despois dun mes de febreiro dentro da normalidade, temos como resultado esa superación dos valores climatolóxicos da estación invernal.

Climatoloxicamente falando, **decembro** é o mes máis chuvioso do ano. Aínda así, decembro de 2024 non cumpre esta afirmación, dado que as precipitacións acumuladas foron moi inferiores ás agardadas, sobre todo no sueste da Comunidade. Isto debeuse ao baixo número de borrascas que non afectaron, aínda que tivemos días a principios e mediados do mes con chuvias intensas. A precipitación media, calculada para a serie histórica con dezaseis estacións representativas de Galicia, foi 78 L/m². Isto equivale a unha porcentaxe de precipitación un 60 % inferior ao valor climatolóxico, polo que o mes se pode considerar como **moi seco**. O precedente máis seco foi o ano 2016.

En **xaneiro**, a precipitación rexistrada estivo moi por riba da habitual. Este importante exceso de precipitación explícase, principalmente, polo tren de borrascas que sufrimos durante varias xornadas consecutivas a finais de mes, que deixaba cantidades realmente elevadas. Así, o valor medio da precipitación acumulada foi 324 L/m², o que equivale a unha porcentaxe de precipitación un 125 % superior ao valor climático normal. Isto fai que o mes poida considerarse **extremadamente húmido, o cuarto xaneiro máis húmido desde que existen rexistros**, co precedente máis húmido no ano 2016.

Por último, a cantidade de precipitación acumulada durante o mes de **febreiro** estivo moi influenciada pola situación do día 24, xa que en zonas do noroeste, nas que se acumularon cantidades máis importantes nese día, temos un exceso de precipitación, mentres que no resto da Comunidade, as cantidades están máis achegadas á normalidade, mesmo con áreas do sueste nas que o mes se pode considerar seco. A precipitación media foi 118 L/m². Isto representa unha porcentaxe de precipitación un 2 % superior ao valor climatolóxico, o que fai que o mes poida considerarse como **normal**, tendo en conta o conxunto da Comunidade.



Na **Táboa 5**, móstranse os valores máximos de precipitación acumulada neste inverno 2024-2025. Os rexistros máis altos de precipitación superaron os 1500 L/m² ao longo das Serras Litorais.

Táboa 5: Precipitación máxima estacional no inverno 2024-2025			
Estación	Concello	Provincia	Precipitación (L/m ²)
Muralla	LOUSAME	A Coruña	1931
Fontecada	SANTA COMBA	A Coruña	1766
Costa	ROIS	A Coruña	1637
Fornelos de Montes	FORNELOS DE MONTES	Pontevedra	1614
Xesteiras	CUNTIS	Pontevedra	1581
Coto Muiño	ZAS	A Coruña	1547
Castrove	POIO	Pontevedra	1533
Paramos	VAL DO DUBRA	A Coruña	1520
Forcarei	FORCAREI	Pontevedra	1496
Lesende	LOUSAME	A Coruña	1402

Na **Táboa 6**, móstranse os valores mínimos de precipitación acumulada. Neste caso, as cantidades mínimas de precipitación non superan os 400 L/m² e concéntranse, principalmente, en zonas do centro e do leste da provincia de Ourense.

Táboa 6: Precipitación mínima estacional no inverno 2024-2025			
Estación	Concello	Provincia	Precipitación (L/m ²)
Larouco	LAROUCO	Ourense	316
Verín-Vilela	VERÍN	Ourense	351
Ourense	OURENSE	Ourense	353
Xinzo	XINZO DE LIMIA	Ourense	366
Lardeira	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	388
A Portela	VILAMARTÍN DE VALDEORRAS	Ourense	395
Marroxo	MONFORTE DE LEMOS	Lugo	402
Monforte	MONFORTE DE LEMOS	Lugo	413
Viana do Bolo	VIANA DO BOLO	Ourense	415
San Clodio	RIBAS DE SIL	Lugo	431

Na **Figura 3**, móstrase a precipitación total acumulada neste inverno 2024-2025. O valor medio de precipitación, a partir dos valores do mapa, foi 550 L/m². Os valores máis altos, entre 1300 e 1600 L/m², rexistráronse ao longo das Serras Litorais, sobre todo as do oeste e suroeste da provincia da Coruña. Os valores máis baixos, entre 150 e 300 L/m², rexistráronse no extremo leste da provincia de Ourense, en nos vales dos ríos Bibei e Casaio.




Figura 3: Mapa de precipitación acumulada (mm) no inverno de 2024-2025

Na **Figura 4**, móstrase o mapa de anomalías de precipitación en forma de porcentaxe con respecto aos valores normais do período de referencia 1981-2010, sendo 100% a porcentaxe que representa a normalidade. Segundo os valores do mapa, a anomalía media de precipitación foi un 7 % superior ao agardado, aínda que, tal e como se pode ver, hai unha distribución irregular das porcentaxes de precipitación. Así, en canto os valores máis altos de anomalía, destacan, principalmente, zonas da metade norte, con cantidades de precipitación entre un 40 e un 60 % superior á media. Porén, os valores máis baixos correspóndense a zonas da metade leste da provincia de Ourense, onde as porcentaxes de precipitación acadaron valores entre 30 e 50 % por baixo do agardado.




Figura 4: Porcentaxe de precipitación acumulada no inverno 2024-2025 con respecto á media climática no período 1981-2010

3 EVOLUCIÓN HISTÓRICA DA TEMPERATURA E A PRECIPITACIÓN DE INVERNO

3.1. Temperatura

Na **Figura 5**, móstrase a evolución da temperatura media en inverno desde o ano 1962. O valor medio da temperatura para este inverno 2024-2025, obtido a partir da temperatura media das once estacións que compoñen a serie rexional, foi 9.8 °C.




Figura 5: Evolución da temperatura media (°C) en inverno para a serie rexional galega desde 1962

O valor medio da anomalía da temperatura media, obtido a partir das anomalías medias das once estacións meteorolóxicas representativas, foi 1.3 °C. Todo isto fai que a estación de inverno poida considerarse no conxunto de Galicia como **moi cálida, a sétima máis cálida da serie histórica**. Isto debeuse principalmente á temperatura mínima, cuxa desviación respecto ao valor climatolóxico foi de +1.8 °C, mentres que a anomalía da temperatura máxima foi +0.9 °C, resultando para ámbalas dúas variables un inverno moi cálido. O precedente máis cálido foi o pasado inverno 2023-2024.




Figura 6: Evolución da anomalía da temperatura media en inverno respecto ao período de referencia 1981-2010



A **Táboa 7** compara o valor da **temperatura media** do inverno 2024-2025 cos valores climáticos dos períodos de referencia 1971-2000 e 1981-2010. Así, vemos que este inverno amosa unha anomalía positiva de +1.4 °C e de +1.3 °C, respectivamente.

Temperatura media inverno (°C)		
2024-2025	1971-2000	1981-2010
9.8	8.4	8.5

Táboa 7: Comparación entre a temperatura media do inverno 2024-2025 e a media climática galega nos períodos de referencia mostrados

Na **Táboa 8**, móstrase a temperatura media dos meses de inverno e a comparación cos valores climáticos de referencia. Pódese dicir que, en canto á temperatura media e considerando o período de referencia 1981-2010, decembro considérase cálido, xaneiro extremadamente cálido, de feito, o terceiro máis cálido da serie histórica, e febreiro moi cálido.

Temperatura media mensual (°C)			
Mes	2024-2025	1971-2000	1981-2010
decembro	9.5	8.8	8.7
xaneiro	9.8	7.8	8.0
febreiro	10.2	8.8	8.8

Táboa 8: Comparación entre a temperatura media dos meses do inverno 2024-2025 e as medias mensuais climáticas nos períodos de referencia mostrados

Na **Táboa 9**, pódese observar a **temperatura media das máximas** na estación de inverno e a comparación cos valores de referencia dos períodos 1971-2000 y 1981-2010. Tendo en conta os percentiles das series das máximas, este inverno foi **moi cálido**, cunha anomalía de +0.9 °C con respecto ao último período de referencia.

Temperatura media das máximas en inverno (°C)		
2024-2025	1971-2000	1981-2010
13.7	12.5	12.8

Táboa 9: Comparación entre a temperatura máxima media no inverno 2024-2025 e a media climática galega nos períodos de referencia mostrados

Mensualmente e con respecto ao período 1981-2010, decembro e febreiro foron cálidos e xaneiro moi cálido.

Temperatura media das máximas por mes (°C)			
Mes	2024-2025	1971-2000	1981-2010
decembro	13.2	12.7	12.6
xaneiro	13.4	11.9	12.1
febreiro	14.5	13.3	13.6

Táboa 10: Comparación entre a temperatura máxima media dos meses do inverno 2024-2025 e as medias mensuais climáticas nos períodos de referencia mostrados



Por último, na **Táboa 11**, pódese observar a **temperatura media das mínimas** na estación de inverno e a comparación cos valores de referencia dos períodos 1971-2000 y 1981-2010. Tomando como referencia o último período, este inverno foi **moi cálido**, cunha anomalía de +1.8 °C.

Temperatura media das mínimas en inverno (°C)		
2024-2025	1971-2000	1981-2010
6.0	4.2	4.2

Táboa 11: Comparación entre a temperatura mínima media no inverno 2024-2025 e a media climática galega nos períodos de referencia mostrados

A escala mensual e comparando os datos co período de referencia 1981-2010, o mes de decembro considérase cálido, xaneiro extremadamente cálido e febreiro moi cálido.

Temperatura media das mínimas por mes (°C)			
Mes	2024-2025	1971-2000	1981-2010
decembro	5.8	5.0	4.8
xaneiro	6.2	3.6	3.9
febreiro	6.0	4.3	4.0

Táboa 12: Comparación entre a temperatura mínima media dos meses do inverno 2024-2025 e as medias mensuais climáticas nos períodos de referencia mostrados

3.2. Precipitación

Na **Figura 7**, pódese ver a evolución da precipitación media do inverno desde o ano 1962. O valor medio da precipitación acumulada para este inverno 2024-2025, obtido a partir da precipitación media das dezaseis estacións que compoñen a serie rexional, foi 521 L/m².




Figura 7: Evolución precipitación media acumulada en inverno para a serie rexional galega desde 1962

Doutra banda, esa cantidade de precipitación media acumulada representa unha porcentaxe de precipitación para este inverno en Galicia un 17% superior á media do período 1981-2010. Isto fai que o inverno 2024-2025 poida considerarse como **lixeramente húmido**, co precedente máis húmido no pasado inverno 2023-2024.




Figura 8: Evolución da anomalía de precipitación en inverno, considerando o período de referencia 1981-2010



Na **Táboa 13**, móstranse, ademais do **valor medio de precipitación acumulada** no inverno 2024-2025, os valores climáticos dos períodos 1971-2000 e 1981-2010. A porcentaxe de precipitación neste inverno foi un 5 % superior ao normal con respecto ao período 1971-2000 e un 17 % superior ao normal con respecto ao período 1981-2010.

Precipitación acumulada estacional (L/m ²)		
2024-2025	1971-2000	1981-2010
521	496	446

Táboa 13: Comparación entre a precipitación media acumulada no inverno 2024-2025 e os valores climáticos

O estudo mensual da precipitación acumulada neste inverno recollido na **Táboa 14** mostra o mes de decembro como moi seco, xaneiro como extremadamente húmido, de feito, o cuarto xaneiro máis húmido desde que existen rexistros, e febreiro como normal, respecto ao último período de referencia.

Precipitación acumulada por mes (L/m ²)			
Mes	2024-2025	1971-2000	1981-2010
decembro	78	195	182
xaneiro	324	165	147
febreiro	118	148	118

Táboa 14: Comparación entre os valores acumulados de precipitación dos meses de inverno e as medias correspondentes aos períodos climáticos

MeteoGalicia

Subdirección Xeral de Cambio Climático e Ordenación do Litoral

Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático

Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático